




XUNTA DE GALICIA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR E A ENTIDADE “ASOCIACIÓN GALEGA SAN FRANCISCO” (AGASFRA), PARA CONTRIBUIR AO MANTEMENTO DOS SERVIZOS QUE PRESTA A TRAVÉS DO CENTRO RESIDENCIAL CON CENTRO OCUPACIONAL, DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS CON DISCAPACIDADE, DA SÚA TITULARIDADE.

Santiago de Compostela, 18 de agosto de 2014.

REUNIDOS

Dunha parte:



D^a Beatriz Mato Otero, conselleira de Traballo e Benestar, nomeada polo Decreto 229/2012, do 2 de decembro, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 227/2012, do 2 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 235/2012, do 5 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 42/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar, e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril de 1991).

Doutra Parte:



D. Eladio Fernández Pérez, con D.N.I. nº 34.242.673-C que actúa en nome e representación da entidade “Asociación Galega San Francisco” (AGASFRA), con CIF nº G-36.613.891 en virtude da súa condición de Presidente dela.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación para a sinatura deste convenio e, para estes efectos,





XUNTA DE GALICIA

EXPOÑEN

PRIMEIRO:

Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

SEGUNDO:

Que a Consellería de Traballo e Benestar é o órgano da Administración autonómica ao que lle corresponde levar a cabo a política en materia de atención ás persoas con discapacidade segundo o Decreto 235/2012, do 5 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 42/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar.

TERCEIRO:

Que a entidade AGASFRA, é unha entidade sen fins de lucro que figura inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-111, sendo a súa principal finalidade mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual e a das súas familias, con actuacións baseadas na transparencia informativa, a solidariedade entre todos os seus membros, a igualdade e a democracia interna.

CUARTO:

Que a dita entidade, ten como obxectivos:

- Defender a dignidade e os dereitos das persoas con discapacidade intelectual.
- Promover a integración social e a normalización das persoas con discapacidade intelectual.
- Fomentar actitudes sociais positivas para as persoas con discapacidade intelectual.



XUNTA DE GALICIA

QUINTO:

Que conforme aos seus fins estatutarios, a dita entidade presta actualmente os seguintes servizos a través dos centros de atención ás persoas con discapacidade dos que é titular:

- Servizos de atención ocupacional e promoción da autonomía persoal para 73 persoas con discapacidade intelectual con certa autonomía (sen necesidade de apoio por unha terceira persoa).

Os ditos servizos de atención, destinados aos ditos colectivos, non poden ser actualmente cubertos a través da oferta de prazas de carácter público existentes na área de influencia de Vigo, sendo de interese social colaborar coa entidade AGASFRA para contribuír ao desenvolvemento e mantemento dos servizos, actuacións e programas levados a cabo pola dita entidade a través do centro Residencial con centro ocupacional, de atención ás persoas con discapacidade, da súa titularidade.


A entidade "Asociación Galega San Francisco" AGASFRA, é a única con capacidade suficiente para atender en réxime residencial a persoas con discapacidade intelectual, na área de referencia (Urbana Vigo), aos usuarios destinatarios da actuación obxecto deste convenio, de xeito que a falta de subscripción deste instrumento de colaboración deixaría sen apoio público, pero tamén privado a 73 persoas. En consecuencia, resulta imposible promover a concorrencia, tendo en conta o anteriormente exposto, dada a situación de feito e considerando que non existen outros operadores en condicións de desenvolver a actividade asistencial obxecto deste convenio.

SEXTO:

Que en canto a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia non dispoña de prazas públicas suficientes, e co fin de non desprover aos/ás usuarios/as dos servizos que están recibindo a través da entidade AGASFRA, é polo que se pretende utilizar a figura do convenio.

SÉTIMO:

Chegando as partes a un acordo e reconfecéndose mutua capacidade, outórgase este convenio, segundo as seguintes,





XUNTA DE GALICIA


CLÁUSULAS:

PRIMEIRA:

O obxecto deste convenio é a colaboración por parte da Consellería de Traballo e Benestar no desenvolvemento e mantemento das actividades de atención ás persoas con discapacidade intelectual e ás súas familias, que a entidade AGASFRA desenvolve a través do centro residencial con centro ocupacional, do que é titular.

A Entidade terá que desenvolver a través deste convenio as seguintes actuacións:

- Garantir unha atención integral e personalizada a todos e cada un dos/das usuarios/as.
- Desenvolver, manter ou incrementar e optimizar o funcionamento das súas capacidades procurando, os máis altos niveis de autonomía persoal.
- Procurar o equilibrio emocional e afectivo.
- Realizar terapias de habilitación persoal e social.
- Ofrecer a asistencia e coidados necesarios a cada usuario/a.
- Procurar un entorno onde conceptos como privacidade, propiedade, seguridade física e psicolóxica, relacións interpersonais, confianza e estabilidade atopen axeitada protección.
- Prestar a información, coordinación, asesoramento e orientación necesarias, aos usuarios e ás súas familias.



A concesión directa da subvención a través deste convenio efectuarase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na que se prevé a posibilidade de excepcionalar o réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso, no que o interese prioritario é o mantemento dos usuarios/as nos centros, que constitúen unha auténtica referencia vital para as persoas con discapacidade intelectual que están integradas neles, chegando a ser, nos casos de residencia o seu verdadeiro fogar, debendo asegurarse a súa estabilidade e a continuidade dos servizos.

Esta excepcionalidade ao réxime de concorrencia competitiva establécese igualmente no artigo 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

SEGUNDA:

A atención subvencionada vai dirixida a dar servizos residenciais e servizos de atención diúrna de carácter ocupacional a usuarios/as con discapacidade





XUNTA DE GALICIA

intelectual valorados/as co grao de dependencia, con necesidades de apoio límite e intermitente, maiores de 16 anos.

No documento anexo a este convenio especificase o número máximo de prazas que se subvencionarán.

A través dos centros citados, a entidade prestará os seguintes servizos:

- Coidado persoal.
- Rehabilitación menor.
- Formación ocupacional, orientada á integración laboral e social.
- Atención especializada, rehabilitadora, psicolóxica, social.
- Actividades de ocio e tempo libre.

Para levar a cabo os obxectivos e fins deste convenio a entidade beneficiaria contratará, con cargo ao orzamento do presente convenio, o persoal que no seu caso precise para o desenvolvemento das actividades citadas.




A subscripción do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual algunha entre a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia e as persoas que realicen as actividades obxecto del, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acados no desenvolvemento do convenio.

TERCEIRA:

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento; e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento, a entidade beneficiaria presentará xunto co programa de actividades a desenvolver no convenio a seguinte documentación:

- Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.
- Declaración responsable, subscrita polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera





XUNTA DE GALICIA

Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

CUARTA:

Para a realización das actividades descritas no presente convenio a Consellería de Traballo e Benestar achegará como máximo, a contía de **90.000 euros**.

Subvencionarase cada praza ocupada nos termos previstos no anexo a este Convenio, e os gastos correspondentes serán imputados á aplicación orzamentaria 11.04.312E.481.1.

A dita cantidade destinarase a gastos de persoal e gastos correntes necesarios para o desenvolvemento do convenio.

QUINTA:

A entidade percibirá de cada usuario de praza conveniada en concepto de copago a cantidade que estableza a Consellería de Traballo e Benestar, actualmente dita cantidade correspóndese coas porcentaxes que para cada tipoloxía de praza se indican a continuación, aplicados ao importe da/s pensión/s ou prestacións públicas que perciba o/a usuario/a ou a súa familia vinculadas ao feito causante da discapacidade, excluídas en todo caso as pagas extraordinarias:

75% no caso das prazas de internado e emerxencia social 365 días/ano

47,26% no caso de prazas de internado 230 días/ano.

35% no caso de prazas de media pensión 220 días/ano.

En ningún caso a achega do usuario poderá superar o 65% do prezo da praza/mes no caso das prazas de media pensión, e o 90% do prezo da praza/mes no caso de internado.

Aos efectos de que AGASFRA poida contar cunha información actualizada sobre a achega do/da usuario/a, o/a usuario/a ou a súa familia/titor legal deberá aportar os datos demandados pola entidade relativos ás pensión/s ou prestacións públicas percibidas, ou comunicar as variacións que se produzan nas mesmas.



XUNTA DE GALICIA

SEXTA:

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á minoración do importe da subvención ou á devolución do importe correspondente, no caso de que aquelas superen o custo total do servizo ou actividade subvencionada.

En calquera caso, condiciónase a percepción da subvención por parte da entidade AGASFRA, á ocupación efectiva das prazas obxecto deste convenio, que son as que se reflicten no cadro que se recolle como documento Anexo, de tal xeito que a falta de ocupación de prazas no nivel asinado, determinará a percepción da subvención correspondente ás prazas efectivamente ocupadas.

SÉTIMA:




Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE nº 276, do 18 de novembro de 2003) e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG nº 121, do 25 de xuño de 2007) e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento (DOG nº 20, do 29 de xaneiro de 2009).

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas neste apartado, a entidade beneficiaria da subvención queda exonerada da constitución de garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

Non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto o beneficiario non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e non teña pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro (artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia), circunstancia que o beneficiario deberá acreditar ante o órgano concedente previamente aos pagamentos, mediante as correspondentes certificacións expedidas polo órgano competente.

Son gastos subvencionables os que cumpren os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei de subvencións de Galicia. A estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación previsto no último parágrafo desta cláusula.

Os pagos faranse na c/c nº ES 97 0238 8103 14 0600074904, da que é titular a Entidade beneficiaria, nas seguintes condicións:





XUNTA DE GALICIA

- a) Ata o 80% da contía total concedida, o pagamento poderá facerse efectivo mediante libramentos parciais de carácter mensual. O beneficiario deberá achegar previamente a cada pagamento unha certificación de gastos mensuais, e unha relación clasificada das facturas de gastos (con indicación do seu número, data, concepto e importe), acompañada das facturas orixinais e demais documentos de valor probatorio equivalente e os xustificantes de pago das mesmas, tamén orixinais, (artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia), tendo en conta o número de prazas ocupadas e o custo subvencionado por praza.
- b) O 20% restante farase efectivo, unha vez rematadas todas as actuacións do convenio. A entidade deberá achegar previamente a este pagamento a seguinte documentación:

1. Certificación de gastos mensuais, e unha relación clasificada das facturas de gastos (con indicación do seu número, data, concepto e importe), acompañada das facturas orixinais e demais documentos de valor probatorio equivalente e os xustificantes de pago das mesmas, tamén orixinais, (artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia), tendo en conta o número de prazas ocupadas e o custo subvencionado por praza.
2. Certificación xustificativa da realización das actuacións para as que foi concedida a subvención, e da aplicación dos fondos percibidos para a finalidade do convenio.
3. Declaración complementaria e actualizada comprensiva de todas as axudas e subvencións concedidas para o mesmo proxecto, indicando que non hai ningunha pendente de resolución, ou de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.
4. Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas no convenio, con indicación das actuacións realizadas e dos resultados obtidos.
5. Balance de ingresos e gastos referido ao custo total do programa e asinado polo/a responsable da Entidade, no que se reflicta que o gasto realizado foi igual ou superior ao importe total da subvención.

A secretaría xeral de Política Social da Consellería de Traballo e Benestar resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación á xustificación do gasto, tendo en conta que calquera xustificación do gasto deberá realizarse como máximo **ata o día 30 de setembro de 2014, sen prexuízo do disposto na cláusula novena**. Así mesmo, poderá comprobar, cando estime conveniente, a execución deste convenio.







XUNTA DE GALICIA

OITAVA:

En cumprimento do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento, son obrigas da entidade beneficiaria:

- a) Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario estipulados no artigo 10 desa Lei.
- b) Cumprir todos e cada un dos obxectivos e actuacións, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir os compromisos asumidos con motivo desta. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos no convenio.
- c) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización das actuacións e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.
- d) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedente, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- e) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.
- g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- h) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto do convenio e nos lugares onde estas se realicen: "subvencionado pola Xunta de Galicia", co seu respectivo logotipo.





XUNTA DE GALICIA

i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento.

NOVENA:

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, estendendo os seus efectos dende o día 1 de xullo ata o 30 de setembro do ano 2014, con posibilidade de prórroga por meses naturais ata o día 30 de decembro do mesmo ano, agás que con carácter previo a data de finalización do convenio ou de calquera das súas prórrogas, a Consellería de Traballo e Benestar dispoña de servizos públicos suficientes (proprios ou concertados) para asumir a atención dos/as usuarios/as atendidos/as a través desde convenio, na área social de referencia, suposto no cal, poderá denunciar o convenio.

DÉCIMA:


De conformidade co previsto na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a entidade beneficiaria da axuda autoriza expresamente a inclusión e publicidade dos datos da entidade nos rexistros públicos de axudas para o seu tratamento necesario.

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais ós que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución do mesmo, e a entidade obrígase ao cumprimento da normativa en materia de protección de datos de carácter persoal, é en concreto, á Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e ó Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

DÉCIMO PRIMEIRA:

Constitúese unha comisión mixta de seguimento composta por dous/dúas representantes designados/as pola entidade beneficiaria e dous/dúas representantes da Consellería de Traballo e Benestar, para levar a cabo o seguimento e avaliación das accións previstas no presente convenio.

Esta comisión, a presidencia da cal a ostentará un dos/das representantes da administración, reunirse cando así o solicite algunha das partes.





XUNTA DE GALICIA

DÉCIMO SEGUNDA:

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, aplicándosele os principios do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, para resolver as dúbidas ou lagoas que puidesen presentarse, segundo o disposto no artigo 4.2, e no disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento.

A administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución, serán resoltas pola Consellería de Traballo e Benestar poñendo os seus acordos fin á vía administrativa, cabendo contra elas recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditou a resolución, se a resolución fose expresa, ou tres meses si se tratase dun acto presunto segundo o previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; ou poderá interpoñerse directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o/a solicitante e outros posibles interesados/as, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes en triplicado exemplar no lugar e data expresado.

**A CONSELLEIRA DE TRABALLO E
BENESTAR**

O Presidente de AGASFRA



Beatriz Mato Otero



Eladio Fernández Pérez

